



**PROGRAMACIÓN XERAL
ANUAL
CURSO 2020 – 2021
CEIP Marquesa do Pazo da Mercé
(As Neves)**

Nesta PXA tense en conta o Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 deseñado para os centros de ensino non universitario pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.	4
2. OBXECTIVOS DO CENTRO PARA O CURSO 2020-2021.	4
3. SITUACIÓN DE PARTIDA.	5
4. ORGANIZACIÓN.	6
4.1. Distribución do alumnado	6
4.2. Agrupamento do alumnado	6
4.3. Composición do Claustro de profesores	7
4.4. Profesores compartido/itinerante:	7
4.5. Organización dos espazos.	8
Ubicación das aulas de E. Primaria	9
Asignación dos servizos a cada grupo	9
Distribución das zonas de recreo	10
5. HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A SÚA ELABORACIÓN	11
5.1. Calendario escolar 2020-2021	11
5.2. Períodos de vacacións	11
5.3. Conmemoracións	12
5.4. Horario xeral do centro	12
5.5. Horario do profesorado.	14
5.6. Gardas	17
5.7. Titorías	18
6. TRANSPORTE ESCOLAR	18
7. MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO	19
8. ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS	19
9. SESIÓN DE AVALIACIÓN.	20
10. PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓN PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS.	20
11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.	23
12. ANEXOS	23
Plan Lector de Centro (documento adxunto)	23
Plan Anual de Lectura (documento adxunto)	23
Proxecto Dinamización da Lingua Galega (documento adxunto)	23
Programación de actividades extraescolares e complementarias (documento adxunto)	23
Plan TIC's (documento adxunto)	23
Plan de Convivencia (documento adxunto)	23
Plan de Igualdade (documento adxunto)	23
Plan de Atención á Diversidade (documento adxunto)	23

1. INTRODUCCIÓN.

Esta Programación Xeral Anual (PXA) recolle os obxetivos e plans de traballo do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé para o curso 2020-2021, sendo algúns deles resultado das conclusións e plans de mellora establecidos na Memoria Final do curso 2019-2020.

Neste documento recóllense os propósitos e actividades que se pretende desenvolver durante o presente curso escolar, así como a organización do centro (profesorado, alumnado, espazos...), garantindo a coordinación de todas as actividades, o correcto exercicio dos diferentes órganos de goberno e de coordinación docente, e a participación de todos os sectores da Comunidade Educativa.

2. OBXECTIVOS DO CENTRO PARA O CURSO 2020-2021.

Este ano, o obxectivo prioritario é garantir a seguridade, no que ao ámbito da saúde se refire, tanto do alumnado como do persoal docente e non docente que presta servizos no centro. Para iso, seguiranse escrupulosamente todas as normas establecidas tendo en conta o Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 deseñado para os centros de ensino non universitario pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Outros obxectivos:

ÁMBITO: organización do centro	<ul style="list-style-type: none">• Revisar e actualizar o PE• Revisar e actualizar o NOF• Fomentar a coordinación entre os distintos equipos docentes.• “Rotular” todas as dependencias do centro con pictogramas para facilitar a inclusión do alumnado con nee e con vistas a participar nos “premios á inclusión educativa”.• Desdobrar os cursos máis numerosos, se é posible.• Aumentar os apoios na aula, na medida en que o horario do profesorado o permita.• Solicitud dun cambio de parada na liña 1 do transporte.
---	--

<p>ÁMBITO: Proceso de E-A</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Fomentar o hábito de traballo e estudo. • Introducir ao alumnado na aula virtual e o coñecemento do seu funcionamento. • Favorecer o coñecemento de ferramentas TIC. • Desenvolver estratexias de cálculo mental (ABN) • Fomentar a lectura. • Mellorar os resultados académicos do alumnado. • Compensar desigualdades xurdidas durante o período sen clases presenciais • Inculcar hábitos de autoprotección e promoción da saúde. • Desenvolver actividades no marco do proxecto “O monte nace na escola” • Desenvolver actividades de “Igualdade” propostas polo Concello para E. Infantil (obradoiro e contacontos). • Levar a cabo co alumnado actuacións encamiñadas á mellora do medio ambiente (plantacións, horta escolar...)
<p>ÁMBITO: Relación coas familias</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar as canles de comunicación coas familias.
<p>ÁMBITO: Instalacións, accesos e zonas verdes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Eliminar os ferros que delimitan zonas verdes. • Repoñer as redes deterioradas. • Manter os patios limpos. • Mellorar o patio de E. Infantil. • Manter a herba cortada e as plantas e árbores coidadas. • Solicitar o cambio das ventanas do centro. • Mellorar o aspecto xeral do edificio principal. • Solicitalle ao Concello a habilitación dunha “marquesiña”/espacio cuberto para recibir ao alumnado de E. Infantil os días de chuvia. • Reubicar o “horto escolar”.
<p>ÁMBITO: Formación do profesorado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Continuar a formación na metodoloxía ABN. • Mellorar a formación en TIC’s e o manexo da aula virtual do centro. • Mellorar a convivencia no centro. • Continuar coa formación para mellorar a biblioteca escolar.

3. SITUACIÓN DE PARTIDA.

No curso 2019-2020 tivemos os seguintes grupos:

- Ed. Infantil → 2 grupos: 4º e 5º/6º
- Ed. Primaria → 8 grupos:
 - de 1º a 4º → un grupo por nivel
 - 5º e 6º → 2 grupos por nivel

Este curso 2020-2021 contamos cos seguintes grupos:

- Ed. Infantil: un grupo por nivel
- Ed. Primaria: 8 grupos:
 - 1º, 2º, 4º e 5º → un grupo por nivel
 - 3º e 6º → 2 grupos por nivel

En canto ao profesorado, este curso o Claustro conta con 20 mestres. Seguimos tendo un mestre de Inglés e a Orientadora itinerando coas unitarias adscritas ao centro, e as especialistas de Audición e Linguaxe e a de Relixión compartidas con outros centros.

Debido ao incremento do alumnado de E. Infantil, incorporamos unha especialista máis para facerse cargo do novo grupo.

4. ORGANIZACIÓN.

4.1. Distribución do alumnado

Os 177 alumnos/as do centro atópanse distribuídos do seguinte xeito:

E. INFANTIL			E. PRIMARIA							
4º	5º	6º	1º	2º	3º A	3º B	4º	5º	6º A	6º B
12	15	9	23	21	11	14	17	25*	16	14

*Unha destes 25 alumnos atópase escolarizada na casa debido á súa saúde.

4.2. Agrupamento do alumnado.

Criteria para a o desdobre de cursos:

Co profesorado do que se dispón, solo é posible desdobrar un curso. Seguiráselle insistindo á Inspección Educativa na necesidade e conveniencia de desdobrar outro máis.

A Dirección do centro decide, despois de falalo co Departamento de Orientación, dividir 3º de Educación Primaria debido ao seu elevado número de alumnos/as e ás necesidades de apoio educativo que hai nese nivel.

Criteria para a distribución do alumnado do mesmo nivel en 2 grupos:

A asignación do alumnado a un grupo ou outro obedece a:

- 1º criterios pedagóxicos,
- 2º administración e óptimo aproveitamento dos recursos humanos do centro.

4.3. Composición do Claustro de profesores

O Claustro está formado por 20 profesores/as:

E. INFANTIL	E. PRIMARIA	ESPECIALISTAS
3	7	Inglés → 2 Francés → 1 Música → 1 Pedagogía Terapéutica → 2 Audición e Linguaxe → 1 Ed. Física → 1 Relixión Católica → 1 Orientadora → 1

4.4. Profesores compartidos/itinerantes:

Dos 20 mestres/as que compoñen o Claustro, hai:

- 1 mestra compartida → a mestra de Audición e Linguaxe é compartida con Quintela (Redondela).

- 3 mestres/as itinerantes:
 - O mestre de Inglés, que itinera coas Unitarias de Rubiós e Taboexa.
 - A Orientadora, que acode ás unitarias citadas anteriormente,
 - A mestra de Relixión Católica, que acode ás unitarias de Rubiós e Taboexa e ao CRA de Pontearreas

Á hora de facer os horarios, houbo que ter en conta estas circunstancias, xa que:

- Á especialista de Audición e Linguaxe. debido aos kms que distan entre os dous centros, correspóndenlle 4 horas “libres” (según o Acordo sobre as condicións de traballo do profesorado itinerante, do 18 de febreiro de 2008).
- Aos outros 3 itinerantes, correspóndenlles 2 horas “libres” (de compensación pola itinerancia)

4.5. Organización dos espazos.

A organización dos espazos obedece ao recollido no documento que recolle as medidas de actuación para previr a COVID-19 e que foi elaborado pola Dirección do centro.

Cada grupo ten asignada unha aula na que se impartirán todas as materias, garantindo así o grupo estable de convivencia e minimizando a mobilidade do alumnado e evitando compartir espazos co alumnado doutros grupos.

Como dispomos dun centro con moitas dependencias, cada grupo/clase ten asignada “unha aula de desdobre” que queda próxima á súa aula de uso cotiá, e que será utilizada cando se precise e solo polo alumnado dese nivel.

No caso do desdobre puntual do alumnado dun grupo na hora de Relixión/Atención Educativa, permanece na aula o grupo máis numeroso, indo á “aula de desdobre” correspondente a cada nivel o grupo menos numeroso.

Cada grupo/clase ten asignado uns sevizos determinados, sen posibilidade de ir a outros. E iso mantense ao longo da xornada lectiva. Cando estén en E. Física (fóra da súa aula habitual), no recreo ou no comedor, acudirán igualmente ao servizo que lle corresponda.

No caso de Educación Física, sempre que o tempo o permita, impartirase ao aire libre no patio/pistas do colexio. Nos días de chuvia, o mestre decidirá o uso do ximnasio ou do pavillón en función dos intereses e das actividades a desenvolver nese momento. En ningún caso, durante as sesións de Educación Física, se utilizarán os vestiarios nin os

servizos do ximnasio nin do pavillón, o alumnado deberá acudir ao servizo que o seu grupo/clase ten asignado.

Durante os recreos, o alumnado non poderá ir ao baño, farao antes de saír ou ao entrar. Se se tratase dunha urxencia, o alumno/a en cuestión acudirá ao seu servizo de referencia.

Ubicación das aulas de E. Primaria

CURSO	PLANTA	Nº de AULA
1º	1ª	1
2º	1ª	4
3º A	2ª	13
3º B	2ª	14
4º	2ª	10
5º	2ª	9
6º A	2ª	11

CURSO	PLANTA	Nº de AULA
6º B	2ª	8
ESPECÍFICA	1ª	5
PT	2ª	Antes OR
AL	2ª	12
DESDOBRE 1º	1ª	2
DESDOBRE 2º		6
DESDOBRE 5º	2ª	7

Asignación dos servizos a cada grupo

	Curso	Baño
EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos	Clase
	4 anos	Fronte á súa clase
	5 anos	Fronte á súa clase
	Curso	Baño

	Curso	Baño
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	Pasillo de 1º
	2º	Pasillo de 2º
	3º e 4º	Os de Música
	5º e 6º	Os da súa zona
	nee	Pasillo 2º marcados

Distribución das zonas de recreo

Os días que non chove, o recreo da mañá e o do comedor fanse no patio, que está dividido en zonas para facilitar a continuidade do “grupo de convivencia estable” e evitar que o alumnado de distintos grupos se xunte.

- **Se non chove**

	ZONA	PROFES
E. INFANTIL	Parque	1
	Porta	1
	Lateral	1
E. PRIMARIA	Biblioteca (o alumnado que queira do grupo que lle toque)	1
	Mesas	1
	Campo de baloncesto 1	
	Campo de baloncesto 2	
	Campo pequeno (pegado a Infantil)	1
	Campo grande 1	
	Campo grande 2	
	Lateral cuberto ximnasio	1
	Fonte (canastro e lateral de terra do ximnasio)	

- **Se chove**

E.I. queda no patio cuberto, dividido 3 zonas:

E. INFANTIL	GRUPO/CLASE	ZONA DE RECREO
	4º	Porta
	5º	Lateral cuberto 1
	6º	Lateral cuberto 2

E. Primaria repártese en 3 zonas: ximnasio, lateral cuberto do ximnasio e pavillón.

	GRUPO/CLASE	ZONA DE RECREO		
E. PRIMARIA	3º	Sempre no ximnasio (dividido en 2 zonas: 1 por grupo)		
	Grupo que lle tocara de non chover	Lateral cuberto do ximnasio		
	Resto de grupos	Pavillón	Pista dividida en 4 zonas	
			Grada 1	
			Grada 2	
Alumnado que queira do grupo que lle toque	Biblioteca			

5. HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A SÚA ELABORACIÓN

5.1. Calendario escolar 2020-2021

De acordo coa *ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, as actividades lectivas comezarán o día 10 setembro e rematarán o día 22 de xuño

Según a mesma Orde, o período de Adaptación do alumnado de Educación Infantil este ano, de xeito excepcional, empezará o 10 de setembro e prolongase ata finais do mesmo mes.

5.2. Períodos de vacacións.

Establécense como períodos de vacacións:

- Nadal (desde o 23 de decembro de 2020 ata o 7 de xaneiro de 2021, ambos inclusive);
- Entroido (os días 15, 16 e 17 de febreiro de 2021)
- Semana Santa (desde o 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021).

O Día do Ensino celebrarase o 7 de decembro de 2020.

Os días escollidos polo centro como “festivos locais” (esperando a súa ratificación pola Inspección Educativa) son:

- 8 de xaneiro
- 18 de maio

5.3. Conmemoracións.

Durante o curso escolar, celebraremos as seguintes conmemoracións, atendendo sempre ás especiais circunstancias que condicionan a súa conmemoración e evitando que se xunten ou compartan espazos os distintos grupos:

- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 23 e o 26 de abril de 2020: Semana do libro.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Ambiente.

5.4. Horario xeral do centro.

XORNADA LECTIVA

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
De 9:15 h a 13:05 h	De 9:15 h a 16:15h

HORARIO DO COMEDOR

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
De 13:05h a 13:45h	De 14:05 a 15:20

DISTRIBUCIÓN HORARIA DA XORNADA LECTIVA

	luns	venres		martes	mércoles	xoves
9:15 a 10:05			9:15 a 10:10			
10:05 a 10:55			10:10 a 11:00			
10:55 a 11:25	RECREO		11:00 a 11:50			
11:25 a 12:15			11:50 a 12:20	RECREO		
12:15 a 13:05			12:20 a 13:15			
13:05 a 14:45	COMEDOR		13:15 a 14:05			
			14:05 a 15:20	COMEDOR		
			15:20 a 16:15			

HORARIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
Recreo ↓ de 10:50h a 11:25h	Recreo da mañá ↓ de 11:50h a 12:20h
<p>Todos as clases teñen marcado no seu horario lectivo 1 hora semanal fixa de biblioteca, ademais irán sempre que calquera profesor o considere oportuno.</p>	

5.5. Horario do profesorado

Para a elaboración do horario do profesorado tívose en conta a lexislación vixente:

- Orde do 28 de xuño de 2010 que modifica o CAPÍTULO V, punto 1 da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. (DOG de 6 de xullo de 2010)

- *ORDE de 23 de xuño de 2011* pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 30/06/2011.
- *ORDE do 4 de xuño de 2012* pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- *CIRCULAR NÚMERO 10/2008*, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante.
- *Acordo sobre as condicións de traballo do profesorado itinerante, do 18 de febreiro de 2008.*

Todo o profesorado ten que estar no centro ás 08:55 h.

Ás 09:00 h, o profesorado que teña clase esperará na aula correspondente. O profesorado que non teña docencia á primeira hora acompañará/guiará ao alumnado ata as súas aulas.

Á última hora, o profesorado que teña clase co alumnado acompañarao ata a saída.

O profesorado que non teña clase á última axudará na saída do alumnado.

Para compensar o tempo que cada mestre/a dedica ás gardas de entrada e de saída, no horario de cada un deles figura unha hora de “libre disposición” (en vermello). No caso do profesorado itinerante e compartido figuran máis horas en vermello, acordadas coas disposicións da normativa e lexislación vixentes e mencionadas anteriormente.

Cadrante xeral (horario de todo o profesorado)

Día		Luns			Martes				Mércores						Xoves						Venres										
Nº	Mestre/a	Anterior	Libres	Total	1H	2H	3H	4H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	
1	ROCÍO I3		2		I3	I3	I3	I3	I3	I3	Val.	I3	I3	I3	I3	I3		I3	I3	I3	I3	I3	I3			I3	I3		I3		
2	BÁRBARA I4		2		I4	I4	I4	Val.	I4	I4	I4	I4		I4	I4	I4	I4		I4	I4	I4	I4	I4			I4	I4	I4	I4		
3	JÉSICA I5		0		I5	I5	I5	I5	I5	B	I5	I5	I5	I5	I5	I5	I5	Val.	I5	I5	I5	I5	I5	B		I5	B	I5	I5		
4	VANESA 1º		2		1º	Val.	1º	1º	1º	1º	1º		1º		Ap 1º		1º	1º	1º	1º	1º	1º		1º	1º	1º	1º	1º	1º	1º	
5	ISA 2º		0		2º	2º	2º	2º	2º	2º	Tic's	Tic's	Val.	2º	2º	2º	Tic's	2º	2º		2º	2º	2º	Val.	Tic's	2º	2º	2º	2º	2º	
6	CRISTINA 3ºA		3		3ºA	3ºA	3ºA	3ºA		3ºA	Ap3ºA	3ºA	3ºA	3ºA	3ºA	Ap3ºA	3ºA	3ºA	3ºA		3ºA	3ºA	3ºA	3ºA	3ºA		3ºA	3ºA			
7	LOLI 3ºB		1		XE	Ap2º	3ºB	3ºB	XE	3ºB	3ºB		EC		3ºB	3ºB	3ºB	XE	Ap2º	5º	Ap2º	3ºB	3ºB	XE	EC	5º	3ºB	3ºB	XE	XE	
8	LAURA		3		3ºB	3ºB	Ap1º		S	EC		Co	3ºB	3ºB	S	S		Ap1º	EC	3ºB	S	S		3ºB	S		S	S	3ºB	3ºB	
9	CARMEN 4º		3		4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	6ºA	4º		4º	6ºB	Val.	4º		4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	4º	
10	REBECA 5º (I)		1				5º	5º	5º	5º	6ºB	1º	5º	5º	1º	5º	5º	5º	I4	2º	5º	Val.	Co	6ºA	2º	I3	5º	I5	5º	5º	
11	JORGE		2		5º	5º	6ºA	6ºB	3ºA	I5	5º	2º	I4	1º	5º	1º	2º	3ºB	6ºB	4º		4º	5º	5º	3ºB		3ºA	6ºA	I3		
12	JOSE 6ºA		3		6ºA	6ºA	Ap5º	6ºA	6ºA	Ap5º	6ºA	6ºA	Ap5º	6ºA		6ºA	Val.	Ap5º	6ºA	6ºA	6ºA		6ºA		6ºA	6ºA	6ºA		6ºA	6ºA	
13	PILAR 6ºB		3		6ºB	6ºB	6ºB	Ap1º	6ºB	6ºB	Ap1º	Val.	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	Ap1º	6ºB			6ºB	Ap1º	6ºB		6ºB	6ºB		6ºB	6ºB	6ºB	
14	ALBERTO (I)		2						3ºB	6ºA	3ºA	5º	4º		6ºA	3ºA	4º		3ºB	6ºB	3ºB	6ºA	Co	6ºB	5º		6ºB	5º	4º	3ºA	
15	ANA (PTe)		5		EO	I/EE	EO	EE	IE	EO		EO	IE	EE	EO	IE	EE	EO	EE		IE	EE	EE	DO	EO		IE	EE	IE	EE	
16	LORENA (PT)		2		PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT		PT	PT	PT	PT	PT		PT	PT	PT	PT	PT		PT	PT	PT	PT	
17	LOURDES (AL)		2						2º	5º/3ºB	1º	I/6ºA	E	G								E	I4/I5	I/6ºA	DO	1º	G				
18	LUPE (MÚS)		1		EC	D	D	D	D	D	2º	3ºB	D		4º	D	I3	6ºA	5º	3ºA	D	6ºB	1º		I5	I4	EC	D	E	D	
19	RAQUEL (OR)		1		OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR								OR	OR	OR	OR	OR	I5	OR		OR	OR	
	VICENTA (Rel)		9			1º		I4			I3	6ºB	2º				6ºA	4º	I5			5º		2º		3ºB					
	GARDAS				2	1	1	1	2	1	2	2	1	2	1	2	2	1	2	2	1	1	3	2	1	2	2	2	2	2	3

5.6. Gardas

Na elaboración do horario do profesorado contémpanse gardas de entrada (que inclúen as de transporte), de clase, de biblioteca e de recreo.

As gardas de biblioteca, durante o tempo de recreo, serán feitas polo profesorado que forme parte do Equipo de Biblioteca.

As gardas de entrada faraaas todo o profesorado, atendendo aos días que lles toque a cada un e ao lugar onde deben facela. Para facer estas gardas, establécense os seguintes puntos/lugares:

- Portal verde → entrada do alumnado transportado
- Portal gris → entrada do alumnado non transportado
- Porta traseira de entrada ao edificio principal
- Porta dianteira da entrada ao edificio principal
- “costa acceso principal” → punto de recollida do alumnado de E. Infantil, e posterior acompañamento ao seu edificio.

As gardas de recreo consisten na vixiancia do alumnado durante o tempo de lecer pola mañá, atendendo ás diversas zonas nas que foi dividido o patio para evitar que se xuntara o alumnado dos distintos grupos.

Nos días de chuvia, esta garda realízase no pavillón e no ximnasio, lugares que acollen ao alumnado para que non se molle.

Se algún mesttre ten previsto faltar o día que lle toca garda, debe facer o cambio cun compañeiro. Se se trata dunha falta imprevista, tírase da lista feita para tales ocasións.

As gardas de “recreo de comedor” fainas o profesorado colaborador do comedor escolar.

As gardas de clase fanse na sala de Mestres, para estar pendentes de calquera incidencia. Como na mesma hora adoita haber máis dun mestre de garda, irá aquel que máis horas libres teña acumuladas. No caso de que falten máis mestres dos que hai de garda, faranse as substitucións atendendo aos seguintes criterios:

1º Iría quen teña coordinación (se son varios, irá quen teña máis horas libres acumuladas)

2º Suprimiríanse os apoios (que non sexan de PT, e o de Enzo nunca). Tamén se fará

atendendo ao maior nº de horas libres acumuladas.

3º Orientadora

4º Isa, se ten hora TIC´s

5º Jésica, se ten hora de biblioteca

5º E. Directivo (se está libre)

6º Suprimírase o apoio de PT

7º Suprimírase o apoio de AL

5.7. Titorías

Cada grupo/clase ten asignado un titor/a. Polo tanto, a distribución das titorías é a seguinte:

- 3 titorías en E. Infantil, unha por nivel
- 8 titorías en E. Primaria, unha por nivel excepto en 3º e 6º que hai 2 por estar o curso desdoblado.

As titorías e reunións coas familias serán telefónicas ou por videoconferencia. As reunións presenciais limitaranse ao estrictamente necesario e gardando sempre todas as medidas de seguridade establecidas.

Cada titor/a, facilitando na medida do posible a conciliación familiar, levará a cabo as súas titorías cando dispoña de tempo. Sempre se realizarán previa cita.

6. TRANSPORTE ESCOLAR.

O transporte escolar é un servizo gratuíto que ofrece a Consellería de Educación para todo alumnado e que o seu domicilio se atope fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar a unha distancia deste superior a 2 km.

Cinco autobuses percorren as 13 parroquias do concello:

- LIÑA 1 (amarelo) → Rubiós – Taboexa – S. Pedro

- LIÑA 2 (azul) → Pallotas – Estación
- LIÑA 3 (morado) → Tortoreos – Liñares
- LIÑA 4 (verde) → Ribarteme – Cerdeira (transporta tamén ao alumnado do IES)
- LIÑA 5 (vermello) → S. Cibrán – Vide

7. MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.

Este curso procederáse a modificar o proxecto educativo de centro para adaptalo ás novas liñas de actuación establecidas, sobre todo tendo en conta as adaptacións que houbo que facer debido á situación excepcional na que nos atopamos debido á COVID-19.

Estas modificacións afectan a:

- Metodoloxía,
- Organización de espazos,
- Optimización de recursos, tanto materiais como humanos,
- Formación do profesorado,
- Establecemento de novas canles de ensino → aula virtual.

8. ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Os equipos docentes elaborarán as programacións didácticas das materias para os distintos niveis.

Estas programacións elaboraranse:

- atendendo á lexislación vixente e ás recomendacións feitas pola Consellería para atender/compensar as necesidades xurdidas da suspensión de clases presenciais o curso pasado,
- seguindo o modelo facilitado pola Xefatura de Estudos do centro co fin de unificar criterios e presentar un documento uniforme.

Unha vez feitas, todas as programacións deben ser entregadas á Dirección do centro para a súa revisión, aprobación e envío á Inspección Educativa.

A Dirección enviaralle as programacións ao Equipo TIC's para que as poña na páxina web do centro e poidan ser consultadas polas familias.

Elaboraranse tamén programacións dos distintos equipos de traballo, sendo presentadas no mesmo período de tempo ca as didácticas, que serán enviadas como anexo a esta PXA.

9. SESIÓNS DE AVALIACIÓN.

As sesións de avaliación serán presenciais, sempre que a situación o permita e gardando a seguridade máis estricta. No caso de non poderense levar a cabo de xeito presencial, ditas sesión de avaliación faranse por videoconferencia.

Levaranse a cabo no ximnasio para manter a máxima distancia de seguridade.

As datas das avaliacións son:

- 1ª avaliación → 14 de decembro
- 2ª avaliación → 22 de marzo
- 3ª avaliación → 14 de xuño

10. PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS

ÁMBITO	OBXECTIVO	RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN
ÁMBITO: Organización do centro	Revisar e actualizar o PE	E. Directivo	2º trimestre
	Revisar e actualizar o NOF		
	Fomentar a coordinación entre os distintos equipos docentes.		Setembro
	Aumentar os apoios na aula, na medida en que o horario do profesorado o permita.		
	Desdobrar os cursos máis numerosos, se é posible.		
	Solicitude dun cambio de parada na liña 1 do transporte.		
	“Rotular” as dependencias do centro con pictogramas para facilitar a inclusión do alumnado con nee e con vistas a participar nos “premios á inclusión educativa”.		
ÁMBITO: Proceso de E-A	Fomentar o hábito de traballo e estudo		Todo o curso
	Introducir ao alumnado na aula virtual e o coñecemento do seu funcionamento.	Coord. TIC’s	
	Favorecer o coñecemento de ferramentas TIC.	Todo o profesorado	
	Desenvolver estratexias de cálculo mental (ABN)	Titoras EI e 1º/2º EP	
	Fomentar a lectura.	Todo o profesorado	
	Mellorar os resultados académicos do alumnado.		
	Compensar desigualdades xurdidas durante o período sen clases.		
	Inculcar hábitos de autoprotección e promoción da saúde.		
	Desenvolver actividades no marco do proxecto “O monte nace na escola”		
	Desenvolver actividades de “Igualdade” propostas polo Concello para E. Infantil (obradoiro e contacontos).		
Levar a cabo co alumnado actuacións encamiñadas á mellora do medio ambiente (plantacións, horta escolar...)			

ÁMBITO: Relación coas familias	Mellorar as canles de comunicación coas familias.	E. Directivo	Todo o curso
ÁMBITO: Instalacións, accesos e zonas verdes	Eliminar os ferros que delimitan zonas verdes.	E.Directivo→ xestiona Concello→ executa	Periódicamente ao longo do curso
	Repoñer as redes deterioradas.		
	Manter os patios limpos.		
	Mellorar o patio de E. Infantil.		
	Manter a herba cortada e as plantas e árbores coidadas.		
	Solicitar o cambio das ventanas do centro		
	Mellorar o aspecto xeral do edificio principal.		
	Solicitalle ao Concello a habilitación dunha “marquesiña”/espacio cuberto para recibir ao alumnado de E. Infantil os días de chuvia.		
Reubicar o “horto escolar”.			
ÁMBITO: Formación do profesorado	Continuar a formación na metodoloxía ABN.	E. Directivo Todo o profesorado	Todo o curso
	Mellorar a formación en TIC's e o manexo da aula virtual do centro.		
	Mellorar a convivencia no centro.		
	Continuar coa formación para mellorar a biblioteca escolar.		

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Esta programación será de obrigado cumprimento para toda a comunidade do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé.

Todo o profesorado con responsabilidades de coordinación velará por que se cumpra o programado no seu ámbito de responsabilidade e porá en coñecemento da Xefatura de Estudos calquera conduta que non respete o establecido na programación, co fin de iniciar as actuacións pertinentes.

O seguimento da PXA realizarase de xeito continuo e a avaliación da mesma terá lugar en dous momentos:

- durante o 2º trimestre → para introducir aqueles axustes e modificacións que se consideren necesarios para a consecución dos obxetivos previstos
- ao finalizar o curso → para comprobar o grao de cumprimento desta programación xeral. As conclusións máis relevantes serán recollidas na memoria final.

12. ANEXOS.

- 12.1. Plan Lector de Centro (documento adxunto)
- 12.2. Plan Anual de Lectura (documento adxunto)
- 12.3. Proxecto Dinamización da Lingua Galega (documento adxunto)
- 12.4. Programación de actividades extraescolares e complementarias (documento adxunto)
- 12.5. Plan TIC's (documento adxunto)
- 12.6. Plan de Convivencia (documento adxunto)
- 12.7. Plan de Igualdade (documento adxunto)
- 12.8. Plan de Atención á Diversidade (documento adxunto)

Esta programación Xeral Anual foi presentada ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación en

As Neves, a 20 de outubro de 2020

Guadalupe Prego García
Directora do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé